



Convocatoria de Asemblea Xeral ordinaria 2023

Benquerida/o socia/o,

Comprácame convocarte á Asemblea Xeral ordinaria da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL).

- Día: **sábado 4 de marzo** de 2023
- Hora da primeira convocatoria: **10.00 h**
- Hora da segunda convocatoria: **10.30 h**
- Lugar: Sala Circular do Auditorio de Galicia (avda. do Burgo das Nacións, s/n, Santiago de Compostela)

Orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta da asemblea anterior
2. Admisión de novas/os socias/os e ratificación de baixas
3. Exposición, debate e aprobación do informe de xestión
4. Exposición, debate e aprobación do informe de contas
5. Exposición, debate e aprobación do plan de acción para o próximo exercicio
6. Presentación e aprobación do orzamento para o vindeiro exercicio
7. Rolda aberta de intervencións

Documentación para a Asemblea

Para que poidas preparar mellor as túas achegas e propostas e así facermos entre todas e todos una asemblea máis áxil, dinámica, participativa e produtiva, **unha semana antes da asemblea terás ao teu dispor no web a documentación necesaria.**

Antes diso, e tamén antes da asemblea, podes **remitirnos** ao enderezo info@ctnl.gal todas as **ideas e propostas** que teñas e que creas que a CTNL pode desenvolver, para así incluírmolas no informe de propostas de acción. Así e todo, lembra que sempre podes facer propostas e suxestións directamente durante a asemblea.

Atentamente,

Anxos Sobriño Pérez,

presidenta da CTNL

Pontevedra, 15 de febreiro de 2023



Xantar de confraternidade lingüística

O mesmo día da Asemblea da CTNL teremos no mesmo espazo, na cafetería do Auditorio, un xantar aberto para socios/as e non socios/as, no cal nos gustaría moito contar coa túa participación.

- Lugar: Lasso. A Cafetería do Auditorio | <https://cafeterialasso.gal/>
- Hora: **14.00 h**
- Menú: bufete, que adoita incluír os seguintes pratos:
 - bufete libre de ensalada
 - crema ou sopa quente
 - prato vexetariano/vegano
 - prato de carne
 - prato de peixe
 - gornicións (normalmente arroz e pataca)
 - sobremesas
- Prezo: **14 euros** (inclúe auga e pan, pero non a sobremesa, café nin outras bebidas, que se pagan á parte). Hai un **prezo reducido para crianzas** de ata 4 (8 euros) ou ata 10 anos (10 euros), con pan, auga e sobremesa incluída.
- Confirmación: agradecemosche que **confirmes** a túa asistencia ao xantar o máis axiña posible e, en todo caso, até o **26 de febreiro**, no enderezo **info@ctnl.gal** ou no teléfono **629571950**.